

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 29 de abril de 2024**

Con data vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e catro, ás trece horas e trinta e sete minutos, réunese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE ABRIL DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 17 de abril de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DO PROGRAMA PLURIANUAL DE REDUCCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar o Programa plurianual de redución do emprego temporal na Deputación Provincial de Ourense co seguinte contido:

1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.

A **Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público**, recolle no seu preámbulo a necesidade de dispoñer de políticas coherentes e racionais de dotación de efectivos de carácter permanente, que cubran as necesidades reais dos servizos e limiten a temporalidade á atención de necesidades de carácter estritamente conxuntural, o que permitirá unha mellor xestión do emprego o servizo das distintas administracións públicas.

A evolución do emprego público no sector público ven marcado por un aumento da taxa de temporalidade, chegando ao extremo de que case un trinta por cento dos empregados públicos de España teñen ou tiveron un vínculo profesional temporal coa Administración Pública. A esta elevada taxa de temporalidade deben unirse as consecuencias que a Directiva 1999/70 CE do Consello, do 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o contrato de duración determinada, tivo sobre o ordenamento xurídico e a xurisprudencia. O Acordo marco establece a equiparación entre as condicións do persoal temporal e fixo con base no principio de non-discriminación, salvo que as diferenzas aparezan xustificadas por causas obxectivas, e insta as autoridades nacionais a adoptar medidas efectivas e axeitadas para previr a temporalidade.

Nos últimos anos a actividade lexislativa do Estado en materia de emprego público centrouse en acadar a redución da taxa de temporalidade.

Neste proceso enmarcáronse os procesos de estabilización previstos nos artigos 19.Un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, e 19.Un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. Non obstante, os citados procesos de estabilización consideráronse insuficientes para atallar o problema, e é neste marco no que se ditaron o Real Decreto Lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes

para a redución da temporalidade no emprego público, e a posterior Lei 20/2021, do 28 de decembro, sobre a mesma materia. Previamente xa o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, ante a necesidade de dar respostas a este problema, recolle no compoñente 11, relativo á Modernización das Administracións Públicas, a reforma referida á redución da temporalidade no emprego público.

O obxectivo da reforma a través da Lei 20/2021 non é outro que situar a taxa da temporalidade estrutural por debaixo do 8 por cento no conxunto das Administracións Públicas, actuando a reforma en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para prever e sancionar o abuso e fraude na temporalidade a futuro e , por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos. Así, a Lei 20/2021 recolle fundamentalmente no seu artigo 2 e nas disposicións adicionais sexta e oitava unha serie de procesos extraordinarios de estabilización, procesos que aínda están en marcha en moitas administracións públicas.

A Deputación Provincial de Ourense non é allea a estes principios e a todos os procesos de estabilización levados a cabo, participando neles a través das diferentes ofertas públicas de emprego desde 2017, destacando a súa política de recursos humanos sobre dous conceptos claves como son a planificación e a negociación co **obxectivo de acadar unha redución da taxa de temporalidade no emprego público da institución provincial.**

2.- OBXECTO PROGRAMA

O presente programa ten por obxecto servir de marco xeral que nos permita dar cumprimento a ese obxectivo de reducir a taxa de temporalidade da Deputación Provincial de Ourense que actualmente se atopa no 19,07% e por outra banda dar cumprimento o previsto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2023, vixentes no momento actual, que no seu artigo 20 Dos.4 establece que cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento do obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cen das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co **instrumento de planificación plurianual** co que deberá contar.

Pois ben, o presente programa pretende ser este instrumento de planificación plurianual do que fala a LOXE 2023 e así reducir a taxa de emprego temporal da Deputación Provincial de Ourense a unha taxa do redor do 8%. A taxa actualmente existente lóxicamente afecta ao funcionamento da administración provincial no correcto desempeño dos servizos públicos que presta e prexudica directamente ao propio persoal interino e temporal que leva moitos anos desempeñando as súas funcións e que desexa, como é lóxico, a estabilidade profesional.

3.-ANTECEDENTES: DATOS ACTUAIS DOS CADROS DE PERSOAL E NÚMERO DE EFECTIVOS DA DEPUTACIÓN

A situación do emprego público da Deputación Provincial de Ourense vén marcada por unha elevada taxa de temporalidade, semellante a das outras administracións públicas e que tivo o seu orixe en diversas causas orzamentarias e organizativas derivadas da normativa básica estatal incluídas nos orzamentos xerais do Estado, fundamentalmente impoñendo criterios restritivos para a dotación de prazas de novo ingreso a través da taxa de reposición de efectivos no marco das directrices orzamentarias de contención do gasto público. A pesar da progresiva flexibilización da mesma, estas previsións limitaron moito as posibilidades de reposición das baixas ocasionadas nos cadros de persoal. Esta flexibilización das normas da taxa de reposición de efectivos xa se empeza a intuír nas leis orzamentarias estatais para os exercicios 2017 e 2018, incluíndo xa en determinados sectores ou prazas estruturais os procesos de consolidación de emprego. Tamén existe un serie de factores relacionados coa insuficiente utilización da planificación estratéxica na ordenación do emprego público provincial así como uns procesos de selección excesivamente lentos e dilatados no tempo, ocasionando en moitos casos a necesidade de provisión temporal dos postos polo tempo necesario ata a súa cobertura definitiva.

A Deputación Provincial de Ourense, seguindo as previsións que marca a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e as leis orzamentarias estatais do 2017 e 2018, **reduciu a taxa de temporalidade dun 27,40% ao 18,96%** a data de outubro de 2023 logo de tramitar e rematar os procesos selectivos correspondentes a oferta extraordinaria de estabilización do ano 2022 (84 prazas estruturais que se estabilizaron) e previamente rematar as convocatorias das OEP do 2017, 2018 e 2019.

O número total de efectivos a data do 15 de abril de 2024 é de 731 traballadores.

A desagregación destes efectivos é a seguinte:

Persoal Funcionario 211 traballadores (18 interinos)

Persoal Laboral Fixo 415 traballadores (19 interinos)

Persoal Laboral Temporal 103 traballadores

Persoal Laboral Indefinido 5 traballadores

Con este número de efectivos a data do 15 de abril de 2024 a taxa de temporalidade sitúase nun 19,07%.

Tamén sinalar que nestes momentos estase a tramitar a convocatoria correspondente a OEP do 2021 e 2022 e, en breve, lanzarase a convocatoria da OEP 2023. **Unha vez rematadas estas convocatorias a taxa de temporalidade na Deputación Provincial de Ourense estará ao redor do 12%.**

4.- DETERMINACIÓNS CONTEMPLADAS NO PROGRAMA PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE

Como xa se indicou previamente o obxectivo do presente programa non é outro que reducir a taxa de temporalidade da Deputación Provincial de Ourense ata situala ao redor do 8 %; establecendo unha serie de criterios que permitan cubrir de forma permanente as vacantes existentes. Por outro lado, tamén temos que mencionar o actual Plan de Ordenación de Recursos Humanos (BOP Nº 28 do 7 de febreiro de 2024) onde xa se recollen medidas de reestruturación do cadro de persoal, unha actualización do cadro de categorías profesionais do persoal laboral e o establecemento dos criterios para a confección da Oferta de Emprego Público para este exercicio do 2024.

Precisamente nestes criterios para a elaboración das OEP o plan de ordenación remite ao disposto na lei de orzamentos do Estado para o exercicio 2023 e que, ao non aprobarse os orzamentos xerais do Estado para este ano 2024, enténdese que durante o presente exercicio están prorrogadas as normas da LOXE 2023. E así, de acordo co establecido no artigo 20.Dous.4 da LOXE 2023 cada Administración poderá autorizar, con carácter extraordinario, unha taxa específica que sexa necesaria para dar cumprimento o obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de que a temporalidade no emprego público non supere o 8 por cen das prazas de natureza estrutural en cada un dos seus ámbitos, sempre que veña xustificado de acordo co instrumento de planificación plurianual co que deberá contar.

Este amparo legal posibilita que, trala aprobación deste programa pola Xunta de Goberno Provincial, o Presidente da Deputación Provincial de Ourense, previo informe e consulta por parte da Mesa Xeral de Negociación, aprobe a Oferta de Emprego Público para este exercicio

2024 incluíndo na mesma, por un lado, a oferta ordinaria de prazas vacantes e, por outro lado, con carácter extraordinario, unha taxa específica que permita reducir o emprego temporal na Deputación Provincial de Ourense.

En consecuencia, a Oferta de Emprego Público para este exercicio 2024 incluírá, a través da oferta extraordinaria, esta taxa adicional para a estabilización do emprego temporal afectando as prazas de natureza estrutural que estean dotadas orzamentariamente, estean ou non dentro da Relación de Postos de Traballo ou cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense e que estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2023. Para estas prazas o sistema de selección será a do concurso-oposición. Tamén se incluírá nesta oferta extraordinaria aquelas prazas de natureza estrutural, dotadas orzamentariamente e que estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos cinco anos anteriores a 31 de decembro de 2023. Para estas prazas o sistema de selección será a do concurso de méritos.

Segundo estes criterios as prazas serán as seguintes:

<i>Persoal Funcionario</i>	<i>TOTAL</i>	<i>Concurso</i>	<i>Concurso Oposición</i>
Administrativo/a de Admón. Xeral	3	3	
Auxiliar de Admón. Xeral	1	1	
Tec. Sup. Desenvolvemento Local	1	1	
<i>TOTAL</i>	<i>5</i>	<i>5</i>	<i>0</i>

<i>Persoal Laboral</i>	<i>TOTAL</i>	<i>Concurso</i>	<i>Concurso Oposición</i>
Axudante/a de Maquinaria	1	1	
Chófer/esa Especialista	1		1
Chófer/esa Operario Lixo	10	6	4
Legoeiro/a	4	1	3
Limpador/a	2		2
Mecanico/a	1	1	
Operario/a Recollida Lixo	2	1	1
Operario/a Zonas Verdes	2		2

Peón/a Agrícola	1		1
Porteiro/a – Operario/a Mantemento	2		2
Recepcionista	1	1	
TOTAL	27	11	16

5.- VIXENCIA DO PROGRAMA

Este programa terá vixencia indefinida ata que sexa substituído ou modificado por outro programa posterior ou por norma de superior rango xerárquico.

As súas determinación entrarán en vigor, a partir do día seguinte a súa publicación no BOP, sen prexuízo da súa retroactividade ao 1 de xaneiro de 2024 de todas as súas determinación agás as que sexan restritivas de dereitos dos empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense.

6.- CRONOGRAMA

Actuacións		Previsión Temporal
Eliminación Temporalidade	Aprobación OEP 2024	Maio 2024
	Aprobación Bases e Convocatoria	Setembro – Outubro 2024
	Celebración Proceso Selectivo	Novembro 2024 ata Abril de 2025
	Presentacion Documentacion	Maio 2025
	Tomas de Posesion	Xuño – Xullo 2025

3.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E RECREATIVAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto:

1. O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión, por parte da Deputación Provincial de Ourense, de subvencións para o financiamento de proxectos de actividades culturais e/ou recreativas promovidos por entidades sen ánimo de lucro da provincia de Ourense e que se realicen durante o ano 2024, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrência competitiva.

De conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, no seu parágrafo segundo, a presente convocatoria intégrase no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do Inorde para o período 2024-2027 (en tramite á data de hoxe), contribuíndo ao fomento da realización de actividades culturais e recreativas no conxunto da provincia.

2. Para os efectos desta convocatoria, consideraranse actividades culturais as seguintes:

- a) Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. Para estes efectos, considéranse incluídas no patrimonio inmaterial as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.
- b) Actividades que teñan por obxecto o fomento das diversas manifestacións culturais da sociedade ourensá.

Consideraranse subvencionables as actividades consistentes na edición, publicación ou impresión de libros, publicacións seriadas ou obras audiovisuais en calquera soporte.

Consideraranse actividades recreativas aquelas actividades lúdicas ou de lecer de carácter público e gratuítas promovidas por entidades sen ánimo de lucro, e dirixidas ao conxunto da poboación ou ben a colectivos precisados de especial atención desde as administracións públicas.

3. Sen prexuízo do anterior, exclúense do obxecto desta convocatoria, e por conseguinte non poderán obter subvención ao seu abeiro, as seguintes actividades:

- As actividades culturais e recreativas que, malia reunir os requisitos definidos no apartado 2, teñan un orzamento inferior a 1.500 euros.
- A realización de actuacións escénicas ou musicais, incluídos os festivais ou certames relativos a este tipo de artes. A razón desta exclusión obedece a que estas actividades poderán ser obxecto de subvención a través das convocatorias anuais realizadas por esta Deputación Provincial para o fomento das actividades escénicas e musicais, no marco do Plan Tarazana.

Para estes efectos, nos supostos nos que as actividades recreativas ou culturais, cuxa subvención se solicite ao abeiro desta convocatoria, inclúan actuacións escénicas ou musicais, os solicitantes deberán excluír as ditas actividades do proxecto, podendo solicitar a correspondente subvención para as ditas actuacións a través da convocatoria correspondente para fomento de actividades escénicas e musicais.

- A realización de excursións ou viaxes culturais ou recreativas.
- Aquelas actividades realizadas polas ANPAS xa que se prevé unha convocatoria expresa para as solicitudes presentadas por estas entidades.

4. As entidades sen ánimo de lucro poderán presentar ata un máximo de dous proxectos ao abeiro desta convocatoria, sempre que teñan por obxecto a realización de actividades culturais ou recreativas conforme á definición contida no apartado anterior.

Neste senso, excluíranse da valoración aquelas solicitudes que se fraccionen en máis dunha actividade dentro do mesmo proxecto, é dicir, cada solicitude de subvención (cun máximo de dous) corresponderase cunha única actuación para realizar. En caso contrario, a Comisión de Valoración excluírá, de xeito automático, as ditas solicitudes.

Segunda.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria, as entidades sen ánimo de lucro, con domicilio na provincia de Ourense, coas exclusións previstas na base primeira, apartado terceiro.

Terceira.- Disponibilidades orzamentarias:

O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo á aplicación 33420/48900 dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024.

A contía máxima dispoñible para a concesión destas subvencións é de 100.000,00 euros.

Cuarta.- Contía máxima das subvencións:

A contía das subvencións obxecto desta convocatoria consistirá nunha porcentaxe do orzamento dos proxectos seleccionados, podendo acadar, como máximo, o 50% do custo total de cada proxecto.

Sen prexuízo do anterior, ningún beneficiario poderá obter, ao abeiro desta convocatoria, subvencións por importe superior a 10.000 € para o conxunto dos distintos proxectos que presente. Para a aplicación desta regra, nos supostos en que unha entidade presentase diferentes proxectos, cuxa valoración, conforme co establecido na base 10ª, determinase a

obtención dunha contía global superior ao límite máximo de 10.000 €, a Deputación concederá as subvencións na contía que proceda de conformidade coa dita valoración, seguindo estritamente a orde de puntuación dos distintos proxectos e ata acadar o límite dos 10.000 €, quedando denegada a subvención para os proxectos aos que correspondería a contía excedentaria do dito límite. No suposto en que a valoración asignada a un proxecto exceda só parcialmente ese límite, a contía da subvención axustarase ata ese límite máximo.

Quinta.- Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

Quinta 1. Lugar e forma de presentación:

As solicitudes, subscrias polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación <https://sede.depourense.es/>

Quinta 2. Prazo de presentación:

O prazo improrrogable de presentación iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases na Base de Datos Nacional de Subvencións, e rematará o 10 de maio de 2024, sendo este o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Quinta. 3. Documentación que debe presentarse:

As solicitudes deberán formularse achegando dous tipos de documentación: en primeiro lugar, documentación administrativa, para a acreditación do cumprimento dos requisitos para a participación na convocatoria; en segundo lugar, documentación valorable, para a valoración dos méritos do solicitante.

O detalle da documentación administrativa e valorable que debe presentarse é o seguinte:

a) Documentación administrativa:

- a.1) Solicitud dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no **anexo I** destas bases.
- a.2) Estatutos sociais da entidade.
- a.3) Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme cos estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación se acreditará mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.
- a.4) Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade de que se trate.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os documentos indicados nos apartados a.2), a.3) e a.4) cando estes documentos xa obrasen en poder da Deputación, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos ditos documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa ao anterior.

a.5) Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo II** destas bases.

a.6) Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo **anexo III**.

a.7) Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional de resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo **anexo IV**.

A presentación do documento sinalado no apartado a.7) non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica e a páxina web e ademais no BOP, no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª e 11ª, respectivamente.

a.8) De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario que os solicitantes acheguen o DNI do representante e o NIF da entidade, dado que a Deputación comprobará de oficio esta información a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Non obstante, no caso de que o solicitante se opoña expresamente á realización desta consulta pola Deputación, deberá achegar a dita documentación coa solicitude. A oposición a esta consulta poderá formularse mediante un escrito que se unirá á solicitude.

En caso de que por razóns técnicas non sexa posible realizar a consulta de documentación por parte da Deputación de Ourense, poderá requirirse ao solicitante para que achegue os documentos precisos, o que se lle notificará oportunamente, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa presentación.

b) Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

Presentarase un proxecto descritivo de cada actividade para realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

a) Memoria descritiva da actividade, incluíndo os seguintes apartados (**Anexo V**):

a.1) Descrición das actividades que a integran.

a.2) Obxectivos que se pretenden acadar coa organización da actividade.

a.3) Prazo ou data de execución.

b) Orzamento individualizado da actividade, detallado en ingresos e gastos.

Se é o caso, as entidades poderán presentar tamén unha memoria do desenvolvemento en exercicios anteriores da mesma actividade para a que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, información na web, datos sobre o desenvolvemento da actividade, participantes e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade. No caso de presentarse, esta documentación servirá para a valoración do factor de interese social da actividade previsto na base 10ª.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración, denegándoseles a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b). Procederase de igual xeito nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos, padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a súa valoración ou conteñan datos ou previsións de difícil ou imposible realización.

Cada petionario de axuda deberá presentar unha solicitude no modelo anexo I para cada proxecto diferenciado de actividades culturais para o que se solicite subvención, acompañada da correspondente documentación valorable conforme co establecido no apartado anterior. No que se refire á documentación administrativa distinta da solicitude no modelo anexo I, terá carácter común para todos eles, bastando con que se presente nunha das solicitudes.

Quinta 4: Regras sobre emenda de deficiencias na documentación presentada:

Dada a natureza competitiva do procedemento de concesión de subvencións, a documentación valorable non será obxecto do trámite de emenda de deficiencias, que só lle será de aplicación á documentación administrativa.

Sexta.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial pode contactarse polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.es
- c) Os datos subministrados coa solicitude se destinan unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de

decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.

En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es, así como no correo do DPD: dpd@depourense.es

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

k) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

l) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sétima.- Gastos subvencionables:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, atopándose incluídos nos conceptos recollidos no artigo 31 da Lei xeral de subvencións, forman parte do desenvolvemento da actividade ou programa obxecto desta convocatoria.

A este respecto, e en relación cos gastos en manutención, advírtese que, de conformidade co disposto nas bases de execución do orzamento do ano 2024, se establece unha porcentaxe máxima do 20 % na xustificación; non obstante, esta regra non será de aplicación naquelas actividades culturais ou recreativas que teñan como obxecto principal a exaltación, difusión ou posta en valor de tradicións ou produtos típicos de carácter gastronómico, tales como magostos ou festas gastronómicas en xeral, ou festas tradicionais que teñan entre os elementos esenciais do seu obxecto a realización de actividades de tipo gastronómico, como é o caso do Entroido.

En todo caso, nos supostos de bebidas alcohólicas de alta gradación, non se consideran gastos subvencionables, en ningún caso, a excepción dos gastos en cervexa e viño (considerados como alimentos) sempre que o importe total non supere o 15 % do importe xustificado.

En todo caso, non terán o carácter de gastos subvencionables os seguintes:

- a) Gastos de mantemento de locais.
- b) Gastos de persoal, salvo que consistan nun contrato específico para a realización do proxecto obxecto de subvención.
- c) Investimentos consistentes na realización de calquera tipo de obras.
- d) Gastos de adquisición de bens inventariables.
- e) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.
- f) Os xuros, recargas e sancións administrativas e xudiciais.
- g) Xuros debedores de contas bancarias.

Oitava.- Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrência competitiva.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránselle ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación administrativa achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada. Dado o

carácter competitivo do procedemento, advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no **anexo VI** destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://sede.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, esta emitirá un informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes e remitiralle o expediente á Comisión de Valoración, que procederá a formular a proposta de resolución conforme coas regras seguintes:

- a) Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b) Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formularse proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base novena.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<https://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional. As ditas alegacións serán resoltas expresamente pola Comisión de Valoración a través da proposta definitiva. No caso de non formularse alegacións, a proposta provisional considerárase definitiva, continuándose coa tramitación conforme co disposto na base 11ª.

Novena.- Comisión de Valoración:

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O deputado delegado da Área de Cultura, Educación e Deporte.
- Vogais:
 - O secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O vicesecretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - A interventora da Deputación ou funcionario que legalmente a substitúa.
 - A xefa da Sección de Subvencións.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Negociado de Concursos, coas funcións propias dunha secretaria de actas.

Sé é o caso, a Presidencia poderá nomear técnicos e expertos de recoñecida competencia en materia cultural, que actuarán como asesores da comisión.

Décima.- Criterios para a concesión de subvencións:

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Interese social da actividade cultural ou recreativa en función do seu contido e obxectivos, do orzamento da actividade e de calquera outro indicador obxectivo que permita valorar a súa incidencia de cara ao fomento da creación cultural, a conservación ou posta en valor do patrimonio material ou inmaterial ou a creación dunha oferta pública relevante de actividades de lecer, así como o seu especial interese polo seu carácter senlleiro e especial calidade, dimensión ou proxección internacional, o seu recoñecemento oficial como actividade de interese turístico ou cultural e calquera outra circunstancia análoga.

Este criterio valorarase ata un máximo de 30 puntos.

b) Esfuerzo de autofinanciamento realizado polo solicitante, determinado pola existencia de fonte de autofinanciamento ou financiamento privado da actividade.

- Máis do 50% de autofinanciamento: 15 puntos.
- Máis do 25% de autofinanciamento: 8 puntos.
- Máis do 15% de autofinanciamento: 5 puntos.
- Máis do 7,5% de autofinanciamento: 3 puntos.
- Máis do 5% de autofinanciamento: 2 puntos.
- Menos do 5% de autofinanciamento: 1 punto.
- Sen autofinanciamento: 0 puntos.

2. O criterio sinalado no apartado b), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicarase mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado a) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, a fin de poder valorar elementos cualitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole, ao tratarse de actividades culturais e recreativas.

3. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polas solicitudes.

A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior á contía solicitada ou ao importe total do seu orzamento de gasto, e con respecto aos límites establecidos na base 4ª.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións naqueles supostos nos que a aplicación da fórmula establecida no apartado anterior sobre o total de solicitudes teña como consecuencia o outorgamento de subvencións de moi escasa contía.

Nestes casos, para aplicación da fórmula establecida no apartado 3, só se terán en conta as solicitudes cuxa puntuación iguale ou supere o limiar mínimo de puntuación establecido pola comisión.

Os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base 11ª.

5. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

Undécima.- Resolución:

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno da Deputación, para a súa resolución. O prazo máximo de resolución será de catro meses desde o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, de ser o caso, ou desde o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución axustarase á proposta da Comisión de Valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitará á comisión, tras os informes previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de quince días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

Os beneficiarios poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de quince días dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia. En caso de que non comuniquen de xeito expreso o seu rexeitamento, entenderase que aceptan a subvención na contía concedida.

O incumprimento da obriga de comunicar a renuncia á subvención poderá ser considerado infracción administrativa, conforme co disposto no artigo 56 da Lei xeral de subvencións, dando lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador.

No suposto de que existisen proxectos de actividades que, cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases, non puidesen obter subvención debido ao esgotamento do crédito dispoñible coa concesión das subvencións ás solicitudes que obtivesen maior puntuación, a

resolución conterá unha relación ordenada destas solicitudes, para os efectos previstos no artigo 63.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. Na súa virtude, e en caso de producirse remanentes pola renuncia ou perda do dereito ás subvencións por parte dalgún beneficiario, a Xunta de Goberno, sen necesidade de proceder a unha nova convocatoria, poderá acordar a concesión da subvención que proceda ao seguinte ou seguintes solicitantes, por orde de puntuación.

Duodécima.- Publicación do acordo de concesión:

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2024, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertindo da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Décimo terceira.- Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

Inclusión da imaxe institucional da Deputación Provincial de Ourense ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada pola Deputación, nos carteis e materiais impresos da súa actividade e, se é o caso, na páxina web da entidade subvencionada.

No caso de incumprimento desta obriga, a Deputación poderá ordenar a adopción das medidas alternativas previstas no artigo 31 do Regulamento da Lei xeral de subvencións. No caso de que se incumpran tamén estas medidas, o incumprimento da obriga poderá ser causa de perda do dereito á subvención ou de reintegro ata un importe do 20% da subvención concedida, importe que se determinará en función da gravidade do incumprimento.

Non obstante, non se esixirá o cumprimento desta obriga no suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade á resolución desta convocatoria.

Décimo cuarta.- Xustificación e pago da subvención:

1. A subvención xustificarse mediante a presentación dunha conta xustificativa, integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (**Anexo VII**).

B) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión (**Anexo VIII**).

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade (**Anexo IX**).

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para a formulación desta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no **anexo X** destas bases.
- Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago de ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de

retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.

Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que sendo obrigatorio a aplicación de retención, esta non conste.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Certificación do número de conta expedida pola entidade financeira correspondente, agás que xa obre en poder da Deputación Provincial e non se producisen modificacións ao respecto.

G) Acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia dos impresos nos que figuren as ditas medidas de difusión) ou da súa inclusión na páxina web da entidade (indicando o enderezo da dita páxina web, para a súa comprobación polos servizos provinciais).

En todos os casos e de conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na LCSP para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención".

En consecuencia, deberán achegar a correspondente documentación que acredite o cumprimento deste extremo.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e aos efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o **anexo XI** e achegar a documentación que proceda.

2. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

3. Para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes) polo importe da subvención concedida.

No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

- a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.
- b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

5. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes.

6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de inspección, auditoría e control financeiro, das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. De advertirse deficiencias de carácter emendable na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica da Deputación Provincial e na páxina web <http://www.depourense.es>, cidadanía, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas ano 2024.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, por edicto no taboleiro de anuncios e na antedita páxina web.

8. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pago, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

9. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración de perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

10. A Intervención da Deputación Provincial poderá esixir aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

11. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación, con data límite, o 31 de outubro de 2024. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

12. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a pedimento dos interesados, suxeitos á constitución de garantía por importe do 100% do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito
- b) Seguro de caución
- c) Fianza en metálico
- d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase fianza solidaria prestada por dúas ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.

13. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Décimo quinta.- Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na dita lei, así como ás obrigas de publicidade.

Décimo sexta.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, sempre que se trate de subvencións obtidas en procedementos de concorrência competitiva, coas excepcións establecidas na base primeira desta convocatoria e sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Décimo sétima.- Reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións:

En caso de incumprimento do beneficiario por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro incluírá sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se xustifícase en prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditarase a resolución que corresponda pola Presidencia.

Décimo oitava.- Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º.- Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para coñecemento e efectos oportunos, na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Rairiz de Veiga, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Amortización débeda Banco Sabadell	60.000,00	60.000,00	0,00
Contratación de persoal	29.695,52	29.695,52	0,00
Gastos persoal fixo (pago salarios)	98.432,40	52.442,28	45.990,12

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora nas redes de abastecemento e saneamento	30.000,00	30.000,00	
Arranxo de pistas en A Saínza	30.000,00	30.000,00	

No Programa de Gasto Corrente e Amortización de débeda

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Contratación de persoal	15.875,64	15.875,64	0,00
Gastos persoal fixo (pago salarios)	62.373,96	60.262,16	2.111,80
Mocidade	6.000,00	6.000,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

5.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Xinzo de Limia, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Beirarrúas e Instalación na Rúa Dous de Maio marxe dereita	250.000.00€	250.000.00€	0,00€

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Beirarrúas e Instalación na Rúa Dous de Maio marxe dereita	231.968.69€	231.968.69€	0,00€
Redacción do proxecto técnico e honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra: “Beirarrúas e Instalación Rúa Dous de Maio marxe dereita”	18.031,19€	18.031,19€	0,00€

Do citado acordo deberá darse conta á corporación provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

6.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE AMOEIRO PARA ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN QUINTÁS, VILLAVISTOSA E OUTEIRO.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Amoeiro, nos seguintes termos:

- **Obxecto:** Acondicionamento de camiños municipais en Quintás, Villavistosa e Outeiro.
- **Importe da subvención que se consignou na Modificación nº 6/2023 do orzamento do ano 2023:** 50.000,00 euros.
- **Orzamento de gasto subvencionable presentado polo solicitante:** 48.400,00 euros.

- **Importe que procede reducir en base ao orzamento presentado:** 1.600,00 euros.

- **Importe que procede conceder:** 48.400,00 euros.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.400,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

8.- Que conta coas autorizacións sectoriais necesarias.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da

Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE LAROUCO PARA COFINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Larouco, nos seguintes termos:

- **Importe:** 54.971,06 euros.

- **Obxecto:** Cofinanciamento de actuacións.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha

variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (303.078,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:

3.1- Melloras do camiño de acceso a Freixido: 42.047,50 euros correspondentes á obra e 381,15 euros do control de calidade.

3.2- Melloras funcionais no pavillón municipal. Creación de vestiarios: 48.350,00 euros.

3.3- Mellora de eficiencia enerxética nas edificacións municipais, situadas na estrada de Langullo 2: 151.000,00 euros correspondentes á obra e 2.722,50 euros do proxecto.

3.4- Posta en valor e recuperación de fonte no núcleo de Seadur: 28.501,55 euros correspondentes á obra e 1.573,00 do proxecto.

3.5- Rehabilitación de fachadas de edificación cultural municipal no núcleo de Larouco: 26.800,00 correspondentes á obra e 1.702,30 euros do proxecto.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da

Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

8.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE TOÉN PARA RENOVACIÓN DE PAVIMENTO NO NÚCLEO DE SAN PEDRO DE MOREIRAS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Toén, nos seguintes termos:

- **Importe:** 48.000,00 €.

- **Obxecto:** Renovación de pavimento no núcleo de San Pedro de Moreiras.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as

entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e corenta e seis minutos do referenciado día vinte e nove de abril do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.